

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

Casa Martelo. R/ Franxa, 14

15001 A Coruña

Tlf.: 981 080 111.

email: conservatorio.danza@dacoruna.gal

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

Criterios de avaliación: 3º TRIMESTRE

INFORMACIÓN XERAL

Con motivo do mantemento da situación de emerxencia de saúde pública causada polo COVID-19, e conseguinte suspensión da actividade lectiva presencial desde o pasado 13 de marzo, en cumprimento do [apartado 8 das Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia](#), o Conservatorio Profesional de Danza da Exma. Deputación da Coruña publica os criterios de avaliación previstos, por materia e curso, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020:

- Os obxectivos e contidos que, debido ás circunstancias especiais do terceiro trimestre, non se puideran abordar, serán incorporados ás programacións didácticas do curso 2020-2021.
- Terase en conta o seu carácter continuo para determinar a cualificación final de cada materia en función das dúas primeiras avaliacións, non minorando as cualificacións anteriores.
- A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica de danza farase na clase do curso seguinte.
- Amplíase nun ano o límite de permanencia nas ensinanzas de danza do alumnado que se vira afectado polas circunstancias deste curso escolar 2019/2020.
- Aprázanse as probas específicas de acceso e terán lugar no momento no que as circunstancias sanitarias o permitan.
- Remítese correo informativo a todo o alumnado.
- Información adicional: www.edu.xunta.gal